

Queridos amigos e amigas,

Presentámosvos o **X Congreso Español de Lactación Materna** que organiza a IHAN e que se celebrará **no Pazo de Congresos de Santiago de Compostela** os días **4, 5 e 6 de abril de 2019**.

É un gran orgullo e á vez unha grande responsabilidade, poder organizar este X congreso da IHAN.

Un ano mais contamos con relatoras e relatores con experiencia na materia, tanto a nivel nacional como internacional, que expoñerán os coñecementos mais actualizados en lactación materna. Reunirémonos en conferencias, mesas redondas, obradoiros, comunicacións orais libres e pósteres que nos permitirán actualizar os nosos coñecementos e compartir experiencias ao longo dos tres días de congreso.

Durante todo este tempo, profesionais da saúde, estudantes e nais de grupos de apoio á lactación, compartiremos inquiredanzas e coñecemento científico co fin de contribuír á promoción, protección e apoio á lactación materna.

Co lema deste ano **“Pingas de vida, fonte de saúde”** queremos destacar o leite materno como alimento vivo que da vida e favorece a saúde das nais e dos seus fillos e fillas, tanto a corto como a longo prazo.

O congreso desenvolverase nunha das cidades históricas por excelencia de España, Santiago de Compostela, cidade declarada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO e meta para moitos peregrinos e peregrinas que camiñan dende distintas partes de todo o mundo. Compostela posúe unha importante riqueza cultural, arquitectónica, artística, e gastronómica, pero sobre todo destaca a hospitalidade e calidez da súa xente.

Esperamos que este programa que temos elaborado con moita ilusión responda ás vosas expectativas, contar coa vosa presenza neste décimo congreso e que gocedes da nosa querida Compostela.

Visita a Web para coñecer mais sobre o congreso <http://www.lactanciasantiago2019.es/>

José Manuel Martín Morales

Presidente do X Congreso Español de Lactación Materna



X CONGRESO ESPAÑOL DE
lactancia materna
Gotas de vida, fuente de salud
4-6 ABRIL 2019 | PALACIO DE CONGRESOS
SANTIAGO DE COMPOSTELA

